

2011. ANO INTERNACIONAL DA QUÍMICA

BERMEJO PATIÑO, Manuel R.
FERNÁNDEZ GARCÍA, M. Isabel
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Beatriz
GÓMEZ FÓRNEAS, Esther;
GONZÁLEZ NOYA, Ana M.
MANEIRO MANEIRO, Marcelino
PEDRIDO CASTIÑEIRAS, Rosa

*Departamento Química Inorgánica, Universidade
de Santiago de Compostela*

GARCÍA SEIJO, M. Inés
IES Monte Castelo (Burela)

VICENTE GARCÍA, Manuel
Radio Galega

A Química é a Ciencia da Vida, pois esta ten lugar porque a Química a xera e a mantén. Ademais, nos últimos 200 anos da Historia da humanidade a Química ven producindo a máis grande transformación social da historia do *homo sapiens*: Duplicouse a lonxevidade da nosa especie; o número de habitantes multiplicouse por dez e conséguense comida para todos; descubríronse novas fontes de enerxía, novos materiais, novas aliaxes ou novos utensilios de múltiple funcionalidade;...etc.

Sen Química a sociedade actual pararía-se ao igual que a vida deixaría de ser vida. Pero paralelamente, a industria química ocupa o terceiro lugar entre as actividades produtivas socialmente peor valoradas. Esta situación aliméntase tanto dos accidentes/desastres das nosas industrias (que provocan moitas veces mortes, catástrofes ecolóxicas, malos cheiros, choivas de po, etc.), como da nosa despreocupación, a dos profesionais da química, pola defensa da nosa disciplina pois non explicamos á sociedade para que serve a Química e como podemos controlar os perigos derivados da nosa actividade.

Como docentes da Química que somos temos que asumir a nosa responsabilidade. Temos que explicarlle aos nosos alumnos **que** é a química, pero sobre todo **para que** serve a química. Tamén deberíamos ensinarlle á sociedade por qué é tan importante a química, cal son os riscos que ten a nosa profesión, pero sobre todo cales son os beneficios que dela se derivan. Contarlles que os riscos son asumibles porque os químicos somos quen de minimalos.

Para saír desta situación de ostracismo, na que voluntariamente nos reclusimos os químicos, e coa finalidade de solucionar o descoñecemento social sobre a nosa disciplina, creouse no ano 2005 o foro permanente *Química y Sociedad*. O foro conseguiu xa que se proclamara un día anual como o **día oficial da Química**. Foi concedido como tal o 15 de novembro de cada ano.

Recentemente tomouse a decisión de declarar o ano 2011 como Ano Internacional da Química e, o foro, súmase a tal celebración e pensa celebrar máis de 200 diferentes eventos relacionados coa química.

Nesta comunicación queremos aproveitar a vindeira celebración do Ano Internacional da Química para facer unha reflexión sobre o comportamento dos profesionais desta disciplina, onde pensamos ninguén ten asumido a transcendencia do coidado da imaxe, para logo, formular unha xeira de propostas que podan servir ao obxectivo de potenciar as actividades do ano internacional da Química, pero, especialmente, tamén podan axudar a desfacer a mala opinión desta disciplina na sociedade actual. Como o que temos máis a man son os nosos alumnos, eses deben ser o noso obxectivo. Debemos sementar neles o sentido do que é a Química. Debemos iniciar o noso interese por divulgar a nosa materia neles, ensinarlle a coñecela e querela para que, cando vaian ao centro da sociedade, actúen como o fermento.

Todas cantas actividades realicemos cos nosos alumnos deben ter a finalidade de divertir, informar e educar. Os nosos alumnos poden aprender xogando tanto a historia da Química como a dos persoeiros que a construíron, comprender a importancia do xénero na ciencia, iniciarse no camiño da reciclaxe, aprender a construír a Química, etc.

As actividades que propomos deben pretender darnos a coñecer á sociedade. Dicirlle á sociedade quen somos, como traballamos, que fai a nosa ciencia, cales son os obxectivos que nos propomos, cal é a nosa metodoloxía de traballo, como son os riscos derivados da nosa actividade, con que medios contamos para minimizar tales riscos, etc.